Esta cuestión, ademais, foi abordada na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o pasado 5 de febreiro de 2025 e respondida polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, en resposta á POC 15892.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 5 de febreiro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTUwZTIwZTYtMjc5MC00M2UxLThjNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=1422.217>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:12:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:12:28
Nº Rexistro: 30018
Data envío: 30/07/2025 12:12:28.755

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25050**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa construción da variante da vía de alta capacidade Costa Norte que enlaza con Viveiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta, a VAC Costa Norte é un compromiso e seguimos a traballar cunha actuación estrutural a medio prazo, en cuxo proxecto construtivo está a traballarse, pero que ten os seus prazos e por iso a Xunta apostou por unha estratexia centrada a curto prazo na mellora da rede de estradas en Ferrolterra, Ortegál e Mariña, que se está materializando.

Termináronse os acondicionamentos e mellora da AC-100 en Mañón, da AC-566 en Valdoviño e da AC-110 nas Somozas.

Completamos as dúas fases do acondicionamento da AC-862

E licitamos e xa iniciou a súa execución a primeira fase de acondicionamento da LU-540 entre Viveiro e Cabreiros.

En conxunto, un investimento de máis de 30 M€ na rede de estradas para unha mellora substancial a curto prazo destas comarcas.

Non hai que esquecer tamén que para a planificación da VAC Costa Norte por parte da Xunta ten que estar completa Autovía da Mariña, A-74, por parte do Goberno do Estado, xa que é a vía fundamental para dar acceso á comarca da Mariña á rede viaria de Alta Capacidade, poñendo así en valor o tramo Celeiro – San Cibrao que a Xunta executou".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 0:05:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30288
Data envío: 01/08/2025 00:05:14.066

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25143**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"as previsións do Goberno galego no referido á presentación dun informe relativo ao estado de execución, en termos de investimento e emprego, dos proxectos tractores anunciados pola Sociedade Impulsa Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Sociedade Impulsa Galicia é un instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e unha Galicia máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

En canto aos proxectos impulsados, desde a data de constitución da sociedade, téñense dado importantes pasos en firme en diferentes proxectos, algún dos cales están xa nunha fase avanzada de tramitación. Agora ben, como calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidas, nin todas están no mesmo estado de madurez.

Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico "proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas", cuxo anuncio de información pública pode consultarse na ligazón:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html, ou o proxecto dun Data Center en Curtis, cuxo anuncio de información pública pode consultarse na ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250123/AnuncioG0763-200125-0002_gl.html.

Pola súa parte, no caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo.

Finalmente, cómpre salientar que o impulso de proxectos tractores tratou de aproveitar a oportunidade que constituían os fondos Next Generation, e que non está a ter os resultados previstos debido á pouca adaptación das convocatorias e medidas deseñadas polo Estado á realidade da industria española; este feito, derivado de que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas, está a levar aparellada unha baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais e, polo tanto, á perda dunha oportunidade histórica para afrontar a transición a unha economía verde, dixital e sustentable por parte do tecido empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:42:47
Nº Rexistro: 30321
Data envío: 01/08/2025 11:42:47,586

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:42:47

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25161**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as razóns dos novos criterios empregados pola Xunta de Galicia na convocatoria de 2025 para a concesión de axudas á gandería de montaña en zonas con limitacións naturais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 25159 e debatida na Comisión 7ª do día 30 de maio de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGZkNWlzMmMtZWZhMy00OGI5LTNmMmUtYWY3NTQxNzBhNmQx>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:11:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:11:43
Nº Rexistro: 30010
Data envío: 30/07/2025 12:11:43,693

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25284**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en canto á mellora da seguridade viaria en Cangas de Foz e á prolongación das beirarrúas da travesía desta localidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Estrada LU-162 ten unha lonxitude de 12,4 Km, discorre polo Concello de Foz o treito da estrada comprendido entre o PK 7+280 e o PK 12+400 e soporta un tráfico diario de algo máis de 1.4000 veh./día. Trátase dunha infraestrutura que comunica o Concello focense ca veciña Ferreira de O Valadouro.

Dende o ano 2013 véñense realizando obras na LU162 en Cangas de Foz con sucesivos contratos por valor de 0,51 M€ que foron mellorando estas beirarrúas:

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162 1ª fase Cangas de Foz-Lugo. Treito I: PK 11+945 ao PK 12+460. (2013),

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162, 2ª fase Cangas de Foz-Lugo. Treito 2. Dende o PK 11+370 ao PK 11+945 pola marxe esquerda, e 460 metros pola marxe dereita dende o PK 11+385 ao PK 11+945 (2015).

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162. 3ª fase (Cangas de Foz). entre os 11+370 e PK's e12+460 (2016).

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162. 4ª fase (Cangas de Foz). P.Q. 11+125 a 11+200 na marxe esquerda e 11+145 a 11+250 na marxe dereita (2023).

Ademais no 2011 levouse a cabo o reforzo do firme e mellora de seguridade viaria neta estrada por valor de 2,1 M€.

Avaliarase a prolongación das devanditas beirarrúas en próximas fases de execución, en función dos recursos dispoñibles e as necesidades globais da rede autonómica de estradas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 0:05:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30286
Data envío: 01/08/2025 00:05:00,911

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25300**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a situación actual de desenvolvemento en Galicia do sector da planta ornamental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O sector da planta ornamental e da flor cortada de Galicia está entre os máis importantes de España. En consonancia co isto, a Consellería do Medio Rural presentou a comezos de 2025 a Estratexia da Planta Ornamental e da Flor Cortada de Galicia 2025-2035, co fin de definir medidas concretas que afiancen e promovan o desenvolvemento destas producións.

Na elaboración desta estratexia participaron os axentes da cadea de produción, como máximos coñecedores das oportunidades e eivas que ten neste momento a produción primaria vexetal e a comercialización, tanto interior coma exterior.

A estratexia define cinco obxectivos específicos e quince medidas, que á súa vez se articulan en varias accións concretas. Así mesmo, defínense indicadores de execución que permitan avaliar a posta en marcha destas accións ó longo do desenvolvemento da estratexia.

En canto á dotación orzamentaria, a estratexia non definen ningún orzamento, pero estanse a levar a cabo actuacións que benefician directamente ó sector, principalmente a través de axudas para: a incorporación de mozos ou novos agricultores á actividade agraria; investimentos nas explotacións (plans de mellora; en 2023 houbo unha convocatoria específica para a produción vexetal), seguros agrarios; instalacións, equipamentos e maquinaria en réxime asociativo, participación en feiras sectoriais, etc.

Finalmente, cómpre dicir que a Consellería do Medio Rural está á disposición dos viveiristas e comercializadores galegos para que acheguen as súas inquedanzas e exhorten á administración na toma de medidas de todo tipo. Isto pode facerse directamente, con xuntanzas acordadas ou incluso a través de das diversas mesas oficiais de diálogo".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:11:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:11:31
Nº Rexistro: 30008
Data envío: 30/07/2025 12:11:31.845

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25311**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fernández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"as valoracións que fai a Xunta de Galicia respecto do risco de chegada da febre aftosa a Galicia e as súas previsións ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A febre aftosa está incluída na Lista única de enfermidades de notificación obrigatoria da Organización Mundial da Sanidade Animal (OMSA), e tamén na categoría A de enfermidades de notificación obrigatoria (en menos de 24 horas) da Unión Europea, conforme ao recollido especificamente no Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello do 09.03.2016.. Na dita categoría figuran enfermidades que non están presentes na UE e que os Estados Membros deben controlar e erradicar de xeito urxente en canto se detecten no seu territorio.

España está considerada libre de febre aftosa desde 1989, ano no que se prohibiu a vacinación fronte á enfermidade. O derradeiro brote en España foi detectado en 1986, nunha explotación bovina da comarca veterinaria de Talavera de la Reina (Toledo). O risco de infección segundo estes datos é baixo, non obstante, a enfermidade é endémica noutras partes do mundo (o Magreb entre elas), o que implica sempre un risco potencial de introdución a través de diversas vías, como está ocorreu en 2025 en Alemaña, Hungría e Eslovaquia.

En España, no que respecta ás devanditas enfermidades da categoría A, cabe destacar que as medidas a executar deben ser tomadas tras decisión do Comité da Rede de Alerta Sanitaria Veterinaria (RASVE), e ser aprobadas pola Comisión Europea, conforme á normativa de referencia. O comité RASVE é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), que inclúe representación de todas as comunidades autónomas e que se encarga de coordinar a vixilancia e control das enfermidades dos animais, indicando as actuacións necesarias para podelas previr, evitar a súa difusión e erradicar.

A febre aftosa é unha enfermidade de orixe vírica, que afecta a diferentes especies de mamíferos, sendo especialmente máis sensibles os bovinos. A vía de transmisión principal é a través da inhalación de aerosois por contacto cun animal enfermo, con materiais infectados ou a través do aire inhalado con partículas virais.

O principal risco de entrada da infección en España é a importación de animais infectados ou de produtos de orixe animal contaminados (carne, leite, seme...). Os vehículos que transportan estes animais ou produtos poden ser tamén vectores de transmisión.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Galicia está traballando en colaboración co MAPA (e este en colaboración coa Comisión Europea) para previr a entrada da infección, preservar a sanidade animal, evitar os impactos sanitarios e económicos negativos e avanzar na prevención e na mellora da bioseguridade nas explotacións gandeiras.

Tal e como se explicou, as medidas fronte ás enfermidades da categoría A (no marco normativo europeo) adóptanse a nivel nacional e europeo. Nesa liña, nos derradeiros meses, publicouse normativa relativa a medidas de emerxencia e establecemento de zonas restrinxidas na Unión Europea:

-Decisión de Execución (UE) 2025/323 da Comisión, do 11 de febreiro de 2025, relativa a determinadas medidas de emerxencia en relación coa febre aftosa en Alemaña e pola que se derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/186.

-Decisión de Execución (UE) 2025/613 da Comisión, do 24 de marzo de 2025, relativa a determinadas medidas de emerxencia en relación coa febre aftosa en Hungría e pola que se derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/496.

Compre indicar que, grazas á implantación das medidas de contención nas zonas nas que detectaron casos, que consisten na prohibición de movementos de animais e produtos desde estas zonas, o risco de introdución do virus minimizouse. Ademais, o MAPA recomendou ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas o reforzo das medidas de limpeza e desinfección dos medios de transporte, o que diminuírá o risco de entrada da infección na nosa comunidade autónoma.

Respecto ás medidas concretas de prevención, as autoridades sanitarias de Galicia levan máis de 10 anos preparándose e formándose para afrontar un foco de febre aftosa, a través da formación específica impartida polo grupo experto EuFMD (Comisión Europea para el control da febre aftosa) pertencente á FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura). A formación inicialmente destinouse a formar ás persoas profesionais responsables da planificación e control destas casuísticas, para que estes despois podan exercer de formadores e así a información se difunda entre os SVO, outros colectivos sanitarios veterinarios e o sector gandeiro, entre outros.

En 2015, cinco responsables dos SVO participaron voluntariamente nun Curso on line de febre aftosa organizado polo grupo EuFMD. Ese mesmo ano, unha persoa responsable dos SVO acudiu a coñecer un foco de febre aftosa a tempo real, co obxecto de recoñecer a epidemioloxía e sintomatoloxía e proceder á toma de mostras diagnósticas, no marco dun curso a tempo real organizado tamén polo dito grupo EuFMD.

En 2019, oito responsables dos SVO acudiron voluntariamente a un simulacro de sospeita de foco de febre aftosa nun territorio transfronteirizo España-Portugal, que tivo lugar en Jerez dos Cabaleiros (Badaxoz), organizado polo MAPA e por EuFMD.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Desde 2022 ata a actualidade, todo o colectivo dos SVO tivo a opción de asistir voluntariamente a seminarios on line sobre a febre aftosa, vacinación como estratexia para o control de enfermidades e bioseguridade, organizados polo MAPA e EuFMD.

Á súa vez, os SVO receptores desa información transmitírona aos veterinarios da empresa pública Tragsatec (que ten a encomenda para a realización das campañas de saneamento gandeiro) e aos veterinarios das Asociacións de defensa sanitaria gandeira, entre outros.

Por outra banda, toda a información epidemiolóxica actualizada periodicamente remitida desde o MAPA, así como as medidas recomendadas de bioseguridade e prevención, foron sendo transmitidas desde xaneiro de 2025 aos Colexios oficiais de veterinarios, sector gandeiro, integradoras, ADSG e resto de colectivos relacionados. En concreto, como se expón na resposta anterior, fíxose fincapé no reforzo das medidas de limpeza e desinfección dos vehículos que transportan gando.

A formación e transmisión da información recibida ten como obxecto que os destinatarios coñezan as medidas preventivas e de bioseguridade recomendadas para evitar a entrada da infección, así como que sexan capaces de recoñecer os síntomas e lesións, no caso de que apareza unha sospeita relacionada.

Tal e como se indicou en apartados anteriores, neste contexto a principal medida de protección para as granxas de Galicia é o cumprimento das condicións sanitarias de movemento, tanto nas importacións como nos intercambios de animais vivos dentro da Unión Europea. Tamén se citou que as medidas de actuación para control da infección van a estar sempre dirixidas polas autoridades competentes da Unión Europea e do MAPA, que contan desde hai anos con procedementos de actuación no que se inclúen comunicacións aos sectores implicados.

En calquera caso, ante a non desexable aparición dun foco de febre aftosa, a estratexia de control recomendada polas autoridades sanitarias de España é o baleiro sanitario das explotacións afectadas, a implantación de estritas medidas de bioseguridade, vixilancia sanitaria reforzada e control de movementos para evitar a propagación da enfermidade como marca a normativa comunitaria e nacional ao respecto. Por outra banda, a vacinación de urxencia na súa modalidade de supresión ou preventiva pode xogar un papel moi importante no control e na erradicación da febre aftosa, se así fose aprobada a actuación polo Comité RASVE e a Comisión Europea.

Así, o MAPA elaborou un Manual práctico de operacións na loita contra a febre aftosa, que serve como guía de traballo aos SVO para poder ofrecer unha resposta rápida e eficaz en caso de sospeita e de confirmación. Este Manual debe utilizarse no marco do Plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria, integrado na normativa vixente en materia de sanidade e benestar animal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, Galicia está actualizando un plan de continxencia específico para esta enfermidade, co obxecto de adaptar o Plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria ás condicións específicas de Galicia, tendo en conta aos principais axentes involucrados (unidades administrativas, forzas e corpos de seguridade, asociacións sectoriais, empresas de servizos veterinarios, ADSG, expertos en materias relacionadas, empresas de eliminación de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, etc.)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:16:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:16:35
Nº Rexistro: 30040
Data envío: 30/07/2025 12:16:35.246

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25437**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fernández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a eficacia das medidas actuais de protección e conservación do cabalo de monte"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A obriga de identificar os animais equinos cun transpondedor inxectable establécese no Real Decreto 787/2023, admitíndose como única excepción o crotal electrónico no caso de animais destinados á produción de carne nados en certos tipos de explotacións, nas que se atopan as silvestres ou semisilvestres.

Nesta norma legal para as explotacións silvestres ou semisilvestres establécese especificamente que só se permitirá o uso do crotal electrónico nos equinos nados nelas que se trasladen directamente a matadoiro antes dos 12 meses de idade.

O Decreto 142/2012 establece que o medio de identificación a utilizar no caso dos animais equinos en Galicia é o transpondedor, podéndose empregar o crotal electrónico unicamente no caso dos équidos de abasto, sen especificar as condicións do seu uso en relación ao seu traslado directo ou non ao matadoiro ou á idade máxima dese destino a matadoiro.

Non se entenden polo tanto os termos nos que está formulada esta pregunta, xa que a lectura do Real Decreto 787/2023 é máis restritiva que a do Decreto 142/2012 neste aspecto de idade máxima e envío directo ou non a matadoiro desde a explotación silvestre ou semisilvestre de destino.

Se a pregunta está formulada no sentido de que o Real Decreto 787/2023 permite para estes equinos permanecer sen identificar ata que sexan retirados das explotacións silvestres ou semisilvestres ou sexan capturados para ser destinados a usos domésticos (exención que tamén contempla a normativa da Unión Europea de identificación equina desde o ano 2008 (Regulamento (CE) nº 504/2008 da Comisión, sobre métodos de identificación dos équidos) cómpre recordar que a obriga de identificación deste tipo de animais foi adoptada pola Xunta de Galicia en 2008 co fin de asegurar a existencia dunha titularidade destes animais nos rexistros oficiais de explotacións gandeiras de Galicia, en relación cos posibles prexuízos que estes animais puideran causar a terceiros (accidentes de tráfico ou invasión de fincas particulares fundamentalmente).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Doutra parte, no artigo 16.7 do Real Decreto 787/2023 establécese que as autoridades competentes das Comunidades Autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) as áreas ou espazos nas que se atopan localizadas as explotacións clasificadas como silvestres ou semisilvestres. Non obstante, segundo se especifica na disposición transitoria segunda, indícase que non será necesario volver a notificar estas zonas no caso de que xa se notificaran en virtude dos Reais Decretos 1515/2009 e 676/2016, xa derogados, que regulaban o sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.

No ano 2014, a entón Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural e do Mar, comunicou á Dirección General de Sanidad Animal de la Producción Agraria do MAPA as zonas nas que se atopan as explotacións silvestres ou semisilvestres, polo que, en virtude do exposto, non é necesario volvelas a notificar.

Por último, actualmente, os propietarios de cabalos de monte afectados polos ataques do lobo xa están sendo beneficiarios das indemnizacións correspondentes no marco das ordes de axudas anuais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, nunha contía ademais superior con respecto aos propietarios doutro tipo de cabalos.

Así, o baremo utilizado para o pagamento de axudas polos ataques do lobo establece contías superiores a percibir para os propietarios destes animais, que oscilan entre un 16% e un 24% (segundo clase e idade dos animais), podendo chegar a supoñer nalgúns casos un incremento de case un 32%.

Por outra banda, na convocatoria correspondente a 2024, do total de danos de equino en extensivo para as que se solicitaron axudas, o 86,7% foron avaliados favorablemente (sendo aboada a correspondente indemnización)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:16:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:16:24
Nº Rexistro: 30038
Data envío: 30/07/2025 12:16:24.785

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25442**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"o estado en que está o proceso de licitación e adxudicación de obras para a construción en Lalín da base de helicópteros que se anunciou en 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A necesidade de adaptar os materiais da fachada para garantir un mellor comportamento fronte ao lume, conforme á normativa vixente, implicou a redacción dun proxecto modificado, o cal supón unha ampliación do prazo de execución de seis meses e un incremento do orzamento nun 4,10% adicional".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:16:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:16:13
Nº Rexistro: 30036
Data envío: 30/07/2025 12:16:13.323

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25446**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"os prazos previstos para a posta en funcionamento do edificio de servizos integrados da Xunta de Galicia en Lalín"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A modificación orzamentaria levada a cabo nas obras do Edificio de Servizos Integrados de Lalín débese á necesidade de adaptar os materiais da fachada para garantir un mellor comportamento fronte ao lume, conforme á normativa vixente.

Esta adaptación implicou a redacción dun proxecto modificado, o cal supón unha ampliación do prazo de execución de seis meses e un incremento do orzamento nun 4,10% adicional".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:16:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:16:02
Nº Rexistro: 30034
Data envío: 30/07/2025 12:16:02.868

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25526**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"as estratexias que prevé por en marcha a Xunta de Galicia para garantir a viabilidade do sector agrario na comarca da Limia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 21839 do Pleno do día 7 de maio de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTA5YjNhZGZtMTQwZS00Y2YwLTlhMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTA5YjNhZGZtMTQwZS00Y2YwLTlhMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTA5YjNhZGZtMTQwZS00Y2YwLTlhMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTA5YjNhZGZtMTQwZS00Y2YwLTlhMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy)

Así mesmo, a información que demanda esta iniciativa tamén foi ofrecida en resposta á pregunta escrita con número 20897, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:06:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:06:52
Nº Rexistro: 29988
Data envío: 30/07/2025 12:06:52.337

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25532**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e don Carlos López Font, sobre **"a finalización das conexións viarias pendentes para garantir o pleno funcionamento da plataforma intermodal do porto seco de Monforte de Lemos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Porto Seco de Monforte constitúe unha infraestrutura clave vinculada ao ferrocarril, deseñada no seu momento coa colaboración das administracións autonómica, estatal e local. Un proxecto que naceu como motor de desenvolvemento económico da comarca de Lemos e do interior de Lugo e, tras máis de dez anos, hoxe permanece atrapado nunha rede de obstáculos inaceptables.

Tras completar a infraestrutura básica, a Xunta de Galicia puxo en marcha as obras necesarias para conectar este polígono coas vías principais, como a N-120 e a LU-933. O actual viario de entrada á terminal intermodal de mercadorías foi executado en 2015 pola Xunta, que invertiu un total 7,5 millóns de euros para executar a conexión dende a propia terminal ata a estrada autonómica LU-933 (Monforte - A Rúa), de 2,3 km de lonxitude.

A prolongación do acceso mediante a conexión coas entre as estradas N-120 e LU-933 consiste nunha estrada de nova construción duns 1.100 metros de lonxitude. Constituirá a principal vía de unión do porto Seco coa Meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.

Pero a realidade é que as decisións erráticas, os atrasos e os cambios de criterio por parte do Goberno central converteron este proxecto nun labirinto burocrático.

En primeiro lugar, a solución inicial aprobada pola Xunta resultou incompatible coa seleccionada polo Ministerio de Fomento para a autovía A-76. Unha situación que obrigou a comezar de novo, a redactar un novo trazado e a revisar o impacto ambiental.

Adif puxo como condición eliminar un paso a nivel alleo ao proxecto inicial, mentres que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil se descolgou con peticións que non tiñan que ver coa nova estrada.

Se isto non fose dabondo, Estradas do Estado recuou sobre a solución previamente acordada, e o último é que na recente información pública dun treito de A-76 volven a mover o enlace entre a N-120 e a A-76, no que entroncaba tamén o novo vial de acceso ao Porto Seco.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta de Galicia demostra, cada ano, a súa vontade de avanzar na conexión reservando unha partida nos orzamentos autonómicos. Ata o de agora lévanse investidos no porto seco preto de 20 millóns de euros para os traballos técnicos, a adquisición dos terreos, a súa urbanización e a construción dos accesos coa estrada LU-933. Tamén para o 2025 as contas do Goberno galego presentan 0,5 M€ para impulsar esta conexión.

Recentemente, celebrouse unha reunión técnica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os responsables de estradas do Ministerio de Transportes, e acordouse un camiño para tentar avanzar nunha solución que sexa autorizada polo Ministerio. Agárdase que desta vez si que poida desbloquearse este vial, e deste modo se leve adiante a súa execución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 0:04:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30284
Data envío: 01/08/2025 00:04:48,210

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25622**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"o prazo previsto para o inicio das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte entre Baio e Berdoias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á resposta á pregunta 16949 realizada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na sesión plenaria do pasado 25 de xuño, cuxa ligazón achegamos para o seu coñecemento:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcfSLZu9kA5W09P1aSex](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcfSLZu9kA5W09P1aSex)

Tamén á resposta á pregunta 16953 realizada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na sesión plenaria do pasado 9 de xullo, cuxas ligazóns achegamos para o seu coñecemento:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
VUpeRdRkP7LAEvmuUq9cnnYSHBeGo0TfSBwvNIFYDGYorlib](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/VUpeRdRkP7LAEvmuUq9cnnYSHBeGo0TfSBwvNIFYDGYorlib)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
NMwUN3sN6mPWW4krOuhUFOVqX4ftHxxh2YEchDNWAZUrRN08](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/NMwUN3sN6mPWW4krOuhUFOVqX4ftHxxh2YEchDNWAZUrRN08)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 0:04:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30282
Data envío: 01/08/2025 00:04:36.590

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25741**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros deputados e deputadas, sobre **"os informes do Consello de Contas verbo da transparencia e control público da Sociedade Impulsa Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40%), Abanca (38%), Reganosa (12%) e Sogama (10%).

O cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de tódalas fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporando aos mesmos ao tecido empresarial galego. Esta é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades de investimentos en Galicia.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

Polo tanto, o obxecto da sociedade non é investir na execución de proxectos, senón identificar proxectos viables e con repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa conceptualización, así como a busca de potenciais promotores que os executen.

En relación á cuestión relativa ao capital social, cando se crea unha sociedade, o capital inicial fíxase en atención a unha serie de parámetros, especialmente ás estimacións do seu plan de negocio, polo que o capital social responde ás necesidades previstas para a sociedade.

En relación aos resultados da sociedade, como en calquera outra, responde ao resultado do balance entre ingresos e gastos. Nesta sociedade, os gastos proveñen principalmente pola conceptualización e desenvolvemento de proxectos, gastos xerais e gastos de persoal, mentres que os ingresos son os xerados pola actividade da sociedade que proveñen do desenvolvemento de proxectos en marcha e polo desenvolvemento de proxectos novos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, cómpre salientar que esta sociedade conta con persoal propio, pero dadas as actividades que leva a cabo, en ocasións necesita facer subcontratacións para a análise e conceptualización dos proxectos que requiren un estudo profundo co fin de analizar a súa viabilidade técnico económica. De forma xeral, as contratacións con provedores externos inclúen consultoría estratéxica técnica, económica, xurídica, de comunicación, e outros servizos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

En relación á posible contratación ás sociedades que participan no seu capital, Impulsa non ten contratado a ningunha delas, nin a Reganosa, nin a Sogama, nin a Abanca.

Con respecto ás retribucións asociadas aos órganos de dirección, cómpre salientar que ningunha das persoas que participa neles por parte das sociedades que participan no seu capital, incluída a Xunta de Galicia, percibe ningunha retribución pola dita participación.

En relación aos proxectos desenvolvidos, como ocorre en calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidos, nin todos están, lóxicamente, no mesmo estado de madurez. Entre eles, poden destacarse:

- Fábrica de fibras téxtiles sostíbles, en tramitación (conta xa con Declaración de impacto ambiental).
- Data center: en tramitación.
- Sociedade que opera no ámbito privado, sen prexuízo de que conta cunha parte de capital público, co obxecto de que o aproveitamento dos recursos naturais leve asociados beneficios sociais e económicos: en operación (Recursos de Galicia).

Unha vez conceptualizados os proxectos, distintos socios promotores os teñen desenvolvido, tal e como se pode consultar tanto na tramitación administrativa dos proxectos industriais, como no Rexistro Mercantil no caso de Recursos de Galicia, sociedade na que, ademais da Xunta de Galicia, a parte privada está integrada actualmente por 32 empresas de toda clase que sosteñen máis de 21.000 empregos directos e achegan anualmente ao PIB da comunidade máis de 10.500 millóns de euros (14% do total).

En relación ao carácter da sociedade, cómpre salientar que non se trata dunha sociedade pública, de acordo coa definición que se recolle no artigo 102.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, xa que o dito precepto define as sociedades mercantís públicas autonómicas como "as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, a Lei 16/2010 establece, respecto das sociedades mercantís públicas autonómicas, no seu artigo 102.3, que a Xunta de Galicia poderá participar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, cando o Consello da Xunta, logo do informe da Consellería de Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica. Agás o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social das devanditas sociedades.

Polo tanto, a participación da Xunta de Galicia en Impulsa é minoritaria, e como tal o control económico-financeiro externo sobre a actividade da sociedade realízase anualmente por unha auditora externa sobre as contas pertinentes, que fiscalizan anualmente e de forma independente a actividade da sociedade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:06:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:06:40
Nº Rexistro: 29986
Data envío: 30/07/2025 12:06:40.856

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"o criterio e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa posibilidade de incluír o núcleo histórico de Corme no Programa de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa Rexurbe desenvólvese en conxuntos históricos declarados BIC, categoría da que carece Corme.

De estar interesado na rehabilitación, o concello pode solicitar a declaración dunha área de rehabilitación integral para poder acceder ao financiamento no primeiro reparto que se realice despois da declaración da ARI. Desta maneira, poranse a disposición dos interesados axudas para a rehabilitación.

Da mesma maneira, en 2022 o concello puido declarar un Entorno residencial de rehabilitación programada (ERRP) para acceder aos fondos europeos destinados a rehabilitación de barrios.

Todas as axudas de rehabilitación da Xunta poden ser solicitadas polos propietarios de vivendas de Corme.

Finalmente, o concello pode acceder ás axudas para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal e aos préstamos do fondo de cooperación cos concellos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 0:04:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30280
Data envío: 01/08/2025 00:04:15.280

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego das conclusións do informe do Consello da Cultura Galega relativas ao impacto socioeconómico do Proxecto Gama"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 04/03/2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Anuncio do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. e declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

Esta publicación realizouse de conformidade co artigo 80.3 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, e demais normas anteriormente citadas, para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren afectadas nos seus dereitos ou intereses, poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG).

De acordo co exposto, o prazo a presentación de alegacións ou observacións finalizaba o 17/04/2024. Ese mesmo día, ás 13:15, recibíuse na Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético un oficio, presentado polo Consello da Cultura Galega, mediante o que se solicitaba a apertura dun prazo extraordinario para poder elaborar un informe por parte do dito órgano.

En primeiro lugar, cómpre salientar que, de acordo co artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non obstante, o mesmo artigo 32 establece que, tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido.

Polo tanto, cómpre salientar que a duración da fase de información pública, que ademais vén prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, xa non podería ter sido ampliada, tendo en conta a data na que se fixo a dita solicitude, sen tempo material para resolver e publicar a dita ampliación antes do vencemento do prazo inicialmente establecido.

Aínda así, a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético respondeu ao dito oficio, remitindo ao Consello da Cultura Galega un oficio no que se indicaba o seguinte:

"(...)

En relación á súa petición, cómpre salientar que a aprobación do dito proxecto está a seguir o procedemento previsto no artigo 80 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Así, o anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia o pasado 4 de marzo do 2024, responde ao sometemento a información pública da solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto, de acordo co previsto no artigo 80.3 do dito texto refundido.

Mediante o dito anuncio, expúxose a seguinte documentación:

1. Proxecto básico da autorización ambiental integrada (AAI) e anexos.
2. Estudo de impacto ambiental (EIA) e anexos.
3. Relación de bens e dereitos afectados.

Tal e como se indica no anuncio, esta documentación fíxose pública para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren afectadas nos seus dereitos ou intereses, poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días hábiles.

Ademais, tal e como establece o seu artigo 80.4, simultaneamente solicitáronse todos os informes ás administracións e órganos sectoriais afectados, tanto os esixidos pola normativa reguladora da autorización sectorial como os esixidos para os efectos da tramitación ambiental.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Entre os informes que se deben solicitar preceptivamente se encontra un informe preceptivo sobre as eventuais afeccións ao patrimonio cultural, que se solicitou ao órgano competente, que é a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. A consulta ao Consello da Cultura Galega non está prevista como preceptiva polas normas citadas.

Certamente, polo que respecta ao contido do Proxecto, cómpre salientar que consiste na "instalación dunha fábrica de fibra téxtil a base de celulosa, cunha capacidade final de produción de 400.000 ADt/ano de celulosa (soluble) (ADt: tonelada métrica de pasta secada ao aire, expresada cunha segura do 90 %) e 200.000 t/ano de lyocell (tecido artificial e ecolóxico fabricado a partir de pasta de madeira de eucalipto), que se desenvolverá nunha fase inicial (fase I) cunha produción de 250.000 ADt/ano de celulosa e 60.000 t/ano de lyocell. Como materia prima básica utilizarase inicialmente (fase I) aproximadamente 1,2 millóns de m3 de madeira de eucalipto (*Eucalyptus globulus* e *nitens*) por ano".

En consecuencia, como se ten expresado, a consulta ao Consello da Cultura Galega non se contempla como preceptiva pola lexislación aplicable a este proxecto, sen prexuízo da posibilidade de que ese órgano, ou calquera outro, podería ter presentado as alegacións ou observacións que considerase oportunas no trámite de información pública, tal e como outras entidades públicas e privadas teñen realizado durante o prazo no que estivo aberto o prazo legalmente establecido.

De acordo co exposto, e co fin de cumprir a normativa vixente, o que cómpre é continuar coa tramitación do procedemento de aprobación do proxecto de acordo co establecido no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, e no resto da normativa aplicable."

En consecuencia, e tal e como se indicou na resposta remitida ao Consello da Cultura Galega, a consulta ao Consello da Cultura Galega non se contempla como preceptiva pola lexislación aplicable a este proxecto, sen prexuízo da posibilidade de que ese órgano, ou calquera outro, podería ter presentado as alegacións ou observacións que considerase oportunas no trámite de información pública, tal e como outras entidades públicas e privadas teñen realizado durante o prazo no que estivo aberto o prazo legalmente establecido.

En canto ás preguntas relativas ao procedemento de autorización do proxecto, tal e como se ten respondido en diversas ocasións, estase a aplicar o procedemento previsto na normativa vixente para os proxectos declarados como proxectos industriais estratéxicos. Trátase dun procedemento que garante a participación e transparencia, e no que se analiza de forma obxectiva o cumprimento das distintas normativas sectoriais, como condición indispensable para que o proxecto poida ser finalmente autorizado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Neste sentido, o 14 de marzo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio do 6 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fixo pública a declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, nos concellos de Melide e Santiso (A Coruña), Palas de Rei (Lugo) e Agolada (Pontevedra), concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e o programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo da dita declaración.

Nesta declaración de impacto ambiental figura, entre outras cuestións, a relación de órganos consultados durante o dito trámite, quedando acreditada a realización da preceptiva análise dos posibles efectos sobre todos os factores que prevé a normativa vixente. Neste sentido, cómpre lembrar que, na tramitación deste proxecto, teñen participado funcionarios e funcionarias que, de forma imparcial e independente, teñen analizado polo miúdo o proxecto, establecendo os condicionados que deberá cumprir para a súa implantación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:18:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 11:18:36
Nº Rexistro: 29950
Data envío: 30/07/2025 11:18:36.672

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26405**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"a actuación da Xunta de Galicia nas obras de construción da senda ciclista entre Santiago de Compostela e O Milladoiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento desta senda, con case 13 km, permitirá unir Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a Estación Intermodal e San Caetano. Baséase nunha proposta moi ben traballada e formulada no seu día pola asociación Composcleta, que fora comunicada publicamente xa hai anos sen que houbera ningún cuestionamento en contra da mesma. Ao contrario, unir cunha senda ciclista O Milladoiro e Santiago era unha cuestión que diferentes grupos políticos trasladaran á axenda pública, pero nunca se concretara unha proposta viable e que cumprira cuns requisitos mínimos de funcionalidade. Un bo exemplo é a formulada no seu día polo Concello de Santiago, que era inviable no seu punto de cruzamento da SC-20 e non tiña continuidade en Volta do Castro, e de feito non se avanzou máis na mesma.

Pois, sobre a base da proposta formulada no seu día por Composcleta, redactouse un proxecto que fora sometido a información pública e informe de todas as administracións afectadas, e dialogada co concello de Santiago, coa máxima transparencia. Unha actuación impulsada co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

Está rematado o treito entre a Intermodal e San Caetano, que se está a completar co acondicionamento do paso baixo a SC-20 e o ferrocarril para conectar a senda coa Avenida de Lugo.

No caso da senda entre O Milladoiro e a intermodal de Santiago ao paso por Conxo, e na busca do maior consenso posible, a Consellería decidiu someter a información pública a modificación do trazado o pasado 21 de novembro para que as persoas interesadas puidesen trasladar suxestións a unha nova alternativa de axuste do trazado, nacida do mellor coñecemento do terreo durante o proceso de execución das obras.

A alternativa elixiuse baixo as premisas de respecto ambiental e integración, aproveitando as plataformas existentes na zona do aparcadoiro do Hospital de Conxo, mantendo todas as prazas e incluso mellorando a accesibilidade. Ademais estas modificacións permitían alonxar o trazado do Banquete de Conxo e evitar cruces sobre o río Sar.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No mesmo sentido, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas atendeu a solicitude do Concello para non afectar ás hortas urbanas na contorna da rúa Clara Campoamor.

En definitiva, o novo trazado evitou o cruce do río Sar, sen afección ningunha a ningún elemento natural nin patrimonial protexidos, e na parte que ocupe a obra plantaríanse tamén especies autóctonas substituíndo ás actuais invasoras e autóctonas.

Estas adaptacións requiriron dun inxente esforzo técnico por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de poñer á disposición dos veciños e usuarios unha senda segura, funcional e sostible que favoreza os desprazamentos a pé ou en bicicleta.

A información pública tivo como resultado só unha alegación contraria ao proxecto, pero dada a postura do concello de Santiago fundamentalmente, decidiuse deixar en suspenso o treito entre a entrada ao túnel antigo do ferrocarril e a rúa Ramón Baltar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 14:26:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30236
Data envío: 31/07/2025 14:26:21.066

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26468**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á resposta á pregunta 16949 realizada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na sesión plenaria do pasado 25 de xuño, cuxa ligazón achegamos para o seu coñecemento:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcfSLZu9kA5W09P1aSex](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcfSLZu9kA5W09P1aSex)

Tamén á resposta á pregunta 16953 realizada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na sesión plenaria do pasado 9 de xullo, cuxas ligazóns achegamos para o seu coñecemento:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
VUpeRdRkP7LAEvmuUq9cnnYSHBeGo0TfSBwvNIFYDGYorlib](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/VUpeRdRkP7LAEvmuUq9cnnYSHBeGo0TfSBwvNIFYDGYorlib)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
NMwUN3sN6mPWW4krOuhUFOVqX4ftHxxh2YEchDNWazUrRN08](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/NMwUN3sN6mPWW4krOuhUFOVqX4ftHxxh2YEchDNWazUrRN08)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 14:26:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30234
Data envío: 31/07/2025 14:26:09.139

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26476**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a rehabilitación do pavimento da estrada AC-419 nos concellos de Malpica e Ponteceso e os compromisos orzamentarios do Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remítese á resposta á pregunta oral 26478 na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos realizada polo director da Axencia Galega de Infraestruturas, o pasado 10 de xullo de 2025, do que se achegan ligazóns:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/2ZneKSF5XrhSCMFiV4X00rOILo4LvHzprBHtr7fELE7jILin>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/3f405f6dk4WKOsznqxTm8JbGfJ7uOO9Bg2sKKS3xQ2QioY1f>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:41:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:41:20
Nº Rexistro: 30313
Data envío: 01/08/2025 11:41:20.659

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26540**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"o incremento de custos das obras do novo Hospital de Montecelo, en Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á resposta á pregunta escrita 26541 de contido semellante, que se reproduce a continuación:

As obras do Hospital Montecelo consisten na construción:

Dunha zona de basamento, que estará distribuída en dous edificios de cinco plantas.

Sobre esa zona de basamento elevarase un terceiro bloque que se corresponde co edificio de hospitalización de 10 andares

Previse que a obra poida rematar na súa maior parte no 3ºT deste ano, ao igual que a urbanización e o atrio, para a continuación levar a cabo as probas das instalacións, que levarán ata final de ano, así como o inicio do equipamento.

A actividade asistencial podería comezar a principios de 2026 en radioterapia, e en función do equipamento e do plan de traslados, o resto de servizos ao longo de 2026.

En canto ás cifras trasladadas publicamente, son as estimacións nestes momentos, tendo en conta imprevistos, a revisión extraordinaria de prezos (que se aplica ata o final da obra, de acordo coa normativa), e a posible medición final prevista na lei de contratos.

Remitimos á resposta oral do Conselleiro de Sanidade en Pleno do día 7 de maio: <https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM2NTlmMDQtNTkzNy00ZjNhLTk1N2UtNGM0MGU2NjkxOTJi&start=3754>".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:15:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:15:30
Nº Rexistro: 30028
Data envío: 30/07/2025 12:15:30.314

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26545**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a postura do Goberno galego en relación coa solicitude presentada polo Concello de Santiago de Compostela referida á declaración desta cidade como zona cun mercado residencial tensionado"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Dende o momento da aprobación da Lei polo dereito á vivenda, a Xunta de Galicia trasladou que, aínda que non considera que a Declaración de Zonas Residenciais Tensionadas vaia contribuír a dar solución á situación actual do mercado do alugueiro, ía cumprir coa legalidade.

A Xunta de Galicia está a tramitar, por tanto, as solicitudes que chegan dos concellos, acompañadas con toda a documentación establecida, con axilidade e responsabilidade, como fixo no caso do Concello da Coruña e agora con Santiago de Compostela.

A Xunta opta nas súas políticas de vivenda por ofrecer seguridade xurídica aos propietarios que poñen as súas vivendas en alugueiro. Nesta liña, o Goberno galego vén de anunciar o novo programa Fogar Vivo, con achegas ata 16.000€ para rehabilitación e un seguro multirrisco e de impago, de cara a poñer no mercado residencial polo menos 1.300 vivendas baleiras. Ademais, incentívase o alugueiro á mocidade, familias con menores ou dependentes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:43:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:43:33
Nº Rexistro: 30324
Data envío: 01/08/2025 11:43:33,662

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o problema de tráfico que xera o semáforo existente na rúa Cardalda de Vilanova de Arousa, na PO-307, que dificulta a principal vía de entrada á Illa de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-307 ten unha lonxitude de 4,58 Km. Discorre polo Concello de A Illa de Arousa o treito da estrada comprendido entre o PK 3+330 e o 4+580, cun tráfico medio de 8.825 veh./día.

Así mesmo discorre polo Concello de Vilanova de Arousa entre os PP.QQ. 0+000 e 3+320, soportando un tráfico de 11.141 veh/día.

Esta estrada foi obxecto de numerosas obras no pasada:

A rehabilitación e conservación da Ponte de acceso á Illa de Arousa no 2021 por uns 50.000

A mellora da conexión da Ponte da Illa de Arousa coa PO-549 no ano 2014 por valor de 170.000 €.

A senda habilitada ao longo da estrada PO-307 entre a PO-549 e a ponte da Illa de Arousa.

Reparación da Ponte da Illa de Arousa sobre a ría de Arousa na PO-307 no ano 2011 por valor duns 11.000.000 €.

A esto hai que engadir que recentemente finalizamos as obras de rehabilitación de firme nos P.Q. 3+640 e 4+560 da estrada PO-307 por uns 172.000 € no treito que percorre o Concello de A Illa de Arousa, no marco dunha serie de actuación por varias estradas de titularidade autonómica pola Comarca do Salnés.

Ademais, para reforzar o compromiso da Xunta de Galicia en prol dunha mobilidade equilibrada e sostible, do entorno e dos usuarios das estradas de titularidade autonómica, o día 11 de xuño sostívose unha reunión de traballo entre a Conselleira e o Alcalde".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:43:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:43:27
Nº Rexistro: 30323
Data envío: 01/08/2025 11:43:27.154

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26812**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que concirne á mellora da seguridade peonil no treito da estrada AC-400 que vai de Valiñas a Peiro, no concello de Culleredo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A seguridade viaria, especialmente a dos usuarios máis vulnerables das estradas como son peóns e ciclistas, é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Por isto, impulsouse o Plan de Sendas de Galicia como unha das liñas de acción principais da Xunta en materia de estradas, e permitiu habilitar máis de 300 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas alo longo da rede autonómica de estradas.

Agora estase comezando co desenvolvemento dunha nova fase do Plan de Sendas, coa que se desenvolverán novas actuacións tanto en comarcas nas que xa se actuara anteriormente, como en novas comarcas. E, neste contexto, a AC-400 ao seu paso por Culleredo é unha das estradas que se está a valorar para a súa incorporación ao Plan de Sendas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:42:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30156
Data envío: 31/07/2025 08:42:00,973

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"a presunta utilización masiva de herbicidas químicos baseados no glifosato na limpeza das marxes de estradas e vías férreas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia o control da biomasa nas marxes das estradas é un reto para todas as administracións, polo rápido crecemento da vexetación, tanto árbores como arbustos e herbáceas.

A Xunta de Galicia é pioneira na intensificación da súa labor de xestión da biomasa nos marxes das estradas, levándoa moito máis alá da sega da marxe da calzada, con tres iniciativas:

Deixáronse de aplicar de os herbicidas, salvo casos puntuais relativos á eliminación de especies invasoras.

Dende o ano 2018 lévanse investidos algo máis de 13 M€ en tala e roza de Dominio Público en colaboración coa empresa pública Seaga, para cumprimento da normativa de incendios e para evitar caída de arborado a Dominio Público Viario.

E ademais, buscando máis efectos positivos, comezouse a aplicar unha estratexia de "Estradas Verdes", cun proxecto piloto en todas as VAC do Morrazo e que se está a estender xa á AG-59 e que se vai continuar estendendo.

Esta iniciativa pioneira comezouse, como se indicou, nas VAC do Morrazo, onde dende o 2023 se ven procedendo á:

Eliminación das especies exóticas invasoras mediante combinación de métodos mecánicos e químicos: destocnado, arrincado de raíces e aplicación de produtos químicos.

Implantación e estabilización dunha cuberta vexetal de herbáceas mediante hidrosemanteira, para cubrir rapidamente o chan e impedir rebrotes e xerminación das especies invasoras. Tamén se pode contemplar a posibilidade de cubrir determinadas superficies con mantas antiherbas (compatible con plantación).

Plantacións ou reforestación con especies arbóreas de frondosas autóctonas, co obxectivo de formar unha masa consolidada a medio prazo que impida o establecemento das especies invasoras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Traballos de mantemento e consolidación, polo menos nos primeiros anos, que inclúen desbroces, eliminación de rebrotes ou a reposición de plantas, o que permite promover a contratación laboral

Eliminación de especies como o Carrizo da Pampa, Acacias e Eucaliptos, e plantaranse pradairos, carballos, abeleiros ou freixos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:41:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30155
Data envío: 31/07/2025 08:41:54.698

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26902**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Daniel Castro García, sobre **"as convocatorias de axudas da Xunta de Galicia á adquisición de libros de texto e material escolar e a eventual aplicación dun sistema de gratuidade para todo o alumnado dos centros sostidos con fondos públicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral ás preguntas con número 16385 e 25306 debatidas conxuntamente o 11 de xullo; ás que nos remitimos porque ofrecen información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWNLZTU4ZjEtNDkzNy00MmJjLTg2ODQtMTJhZDExOTVhYmNj&start=7441>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:41:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30153
Data envío: 31/07/2025 08:41:43,599

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26931**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da constución do treito do eixe de mobilidade sustentable que vai do Milladoiro, no concello de Ames, á estación intermodal de Santiago de Compostela"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento desta senda, con case 13 km, permitirá unir Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a Estación Intermodal e San Caetano. Baséase nunha proposta moi ben traballada e formulada no seu día pola asociación Composcleta, que fora comunicada publicamente xa hai anos sen que houbera ningún cuestionamento en contra da mesma. Ao contrario, unir cunha senda ciclista O Milladoiro e Santiago era unha cuestión que diferentes grupos políticos trasladaran á axenda pública, pero nunca se concretara unha proposta viable e que cumprira cuns requisitos mínimos de funcionalidade. Un bo exemplo é a formulada no seu día polo Concello de Santiago, que era inviable no seu punto de cruzamento da SC-20 e non tiña continuidade en Volta do Castro, e de feito non se avanzou máis na mesma.

Pois, sobre a base da proposta formulada no seu día por Composcleta, redactouse un proxecto que fora sometido a información pública e informe de todas as administracións afectadas, e dialogada co concello de Santiago, coa máxima transparencia. Unha actuación impulsada co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

Está rematado o treito entre a Intermodal e San Caetano, que se está a completar co acondicionamento do paso baixo a SC-20 e o ferrocarril para conectar a senda coa Avenida de Lugo.

No caso da senda entre O Milladoiro e a intermodal de Santiago ao paso por Conxo, e na busca do maior consenso posible, a Consellería decidiu someter a información pública a modificación do trazado o pasado 21 de novembro para que as persoas interesadas puidesen trasladar suxestións a unha nova alternativa de axuste do trazado, nacida do mellor coñecemento do terreo durante o proceso de execución das obras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A alternativa elixiuse baixo as premisas de respecto ambiental e integración, aproveitando as plataformas existentes na zona do aparcadoiro do Hospital de Conxo, mantendo todas as prazas e incluso mellorando a accesibilidade. Ademais estas modificacións permitían alonxar o trazado do Banquete de Conxo e evitar cruces sobre o río Sar.

No mesmo sentido, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas atendeu a solicitude do Concello para non afectar ás hortas urbanas na contorna da rúa Clara Campoamor.

En definitiva, o novo trazado evitou o cruce do río Sar, sen afección ningunha a ningún elemento natural nin patrimonial protexidos, e na parte que ocupe a obra plantaríanse tamén especies autóctonas substituíndo ás actuais invasoras e autóctonas.

Estas adaptacións requiriron dun inxente esforzo técnico por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de poñer á disposición dos veciños e usuarios unha senda segura, funcional e sostible que favoreza os desprazamentos a pé ou en bicicleta.

A información pública tivo como resultado só unha alegación contraria ao proxecto, pero dada a postura do concello de Santiago fundamentalmente, decidiuse deixar en suspenso o treito entre a entrada ao túnel antigo do ferrocarril e a rúa Ramón Baltar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:41:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30151
Data envío: 31/07/2025 08:41:30,755

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27165**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Os plans para a mellora da seguridade viaria e a mobilidade sustentable son prioritarios para a Xunta de Galicia.

No caso de Allariz, esta aposta fíxose efectiva coa execución hai escasos anos (2017) da senda peonil da OU-320, onde se dispuxeron para a cidadanía case dous quilómetros de itinerario desde a travesía de Allariz na intersección da OU-320 coa rúa do Piñeiro, entre os puntos quilométricos 9+670 a 11+550-Allariz. Foron máis de 0,23 millóns de euros destinados a unha actuación importante para esta localidade.

Previamente, en 2015, mediante o contrato de conservación integral executouse o tramo de senda Gundiás, entre o punto quilométrico 12+720 (inicio da travesía de Gundiás) e o 13+220 (intersección N-525), na que se investiron aproximadamente 75.000 €.

A prolongación da senda peonil para comunicala coa existente en Gundiás comprende o tramo da estrada de aproximadamente 1 km comprendido entre os PP.QQ. 11+500 e 12+500. É tecnicamente complexo porque existe un pontón que debería ser ampliado, e a súa materialización programárase en función das necesidades de investimento do conxunto da rede autonómica de estradas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:42:41
Nº Rexistro: 30320
Data envío: 01/08/2025 11:42:41.584

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:42:41

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27343**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante o financiamento ofrecido polo Goberno central, no marco do novo Plan estatal de vivenda 2025-2028, para a construción de vivendas públicas protexidas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O asunto que motiva a pregunta xa foi respostado en pregunta oral 19153 ao Goberno galego no pleno do pasado 25 de xuño por parte da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que lles remitimos:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/HzbRGNJcwF9lCiUU2kylsHjrsbTFIil7mWy9sZ4mGX9tfGet>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/T6uqiwpRc26JlDkvdQ71x6tu1JnhKB1vBKtErNNzxQVf8Mnh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:42:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:42:35
Nº Rexistro: 30319
Data envío: 01/08/2025 11:42:35.837

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27615**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Nicole Grueira Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"o balance das medidas que vén impulsando o Goberno galego para facilitar o acceso da mocidade á primeira vivenda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O asunto que motiva a pregunta xa foi respostado en interpelación 20084 ao Goberno galego no pleno do pasado 12 de marzo por parte da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que lles remitimos:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/Jii5ncjYwvc2Vcl8S2ACpYnsSlghAQs7Lt3wgGBxn8P2ZS5H>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/hAxQ1KaesA8h5o2pzFxggrlAO7O3zbN1WuO5jKpWS6oGLFe5>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:19:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:19:39
Nº Rexistro: 30049
Data envío: 30/07/2025 12:19:39.919

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27872**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura do Goberno galego na negociación co Goberno central relativa ao aumento dos orzamentos en Galicia do vindeiro Plan estatal de vivenda 2026-2030"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O asunto que motiva a pregunta xa foi respostado no pleno do pasado 25 de xuño por parte da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que lles remitimos:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/HzbRGNJcwF9lCiUU2kylsHjrsbTFIil7mWy9sZ4mGX9tfGet>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/T6uqiwpRc26JlDkvdQ71x6tu1JnhKB1vBKtErNNzxQVf8Mnh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 9:00:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30160
Data envío: 31/07/2025 09:00:38,414

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16378**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións do Goberno galego no referido á posta en marcha das liñas de subvencións públicas correspondentes ao Fondo de Transición Xusta destinadas ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 14 de febreiro de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 16379, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego no referido á posta en marcha das liñas de subvencións públicas correspondentes ao Fondo de Transición Xusta destinadas ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDFmZWJjYzktM2lyZS00NDcyLTk0OWUtYWl3N2lyYTlhYjgz&start=1610>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 14:13:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30230
Data envío: 31/07/2025 14:13:44.699

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17410**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"o número de vítimas de accidentes de tráfico en 2024 e as medidas e a planificación, á marxe do Plan de seguridade viaria, que a Xunta de Galicia prevé desenvolver nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A folla de ruta da Xunta de Galicia na materia obxecto da pregunta é o Plan de Seguridade Viaria 2022-2025. Un plan complexo e ambicioso coherente co obxectivo da redución ao mínimo posible das vítimas en accidentes de tráfico nas estradas galegas, coa meta final de cero vítimas de accidentes de tráfico no ano horizonte 2050, o que chamamos "Visión Cero". O plan abarca todos os aspectos que afectan á seguridade viaria e que implica a diferentes departamentos da Xunta, ademais de contar coa colaboración de axentes sociais e forzas e corpos de seguridade.

Dez son os grandes retos deste plan, con medidas das que se poden destacar os seguintes fitos:

- Desenvolvemento dunha primeira Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica.
- Coa estratexia anterior, mobilizamos 14,4 M€ que permitiron reducir case 50 km de puntos negros na rede autonómica de estradas e diminuír en case un 60% a sinistralidade rexistrada neses 'puntos negros'.
- Agora temos en marcha unha nova estratexia que inclúe novas actuacións en treitos de concentración de accidentes,, así como actuacións de eliminación de obstáculos nas marxes viarias para conformar as "estradas que perdoan", que imos reforzar nos vindeiros anos a través de intervención nos Treitos de Alto Potencial de Mellora, que contará con financiación europea para os vindeiros anos e que, unido á achega da Xunta, sumará case 23 M€.
- Estase no proceso de adxudicación da redacción dos proxectos para estas actuacións de mellora da seguridade viaria, sendo Galicia a única Comunidade Autónoma que conseguiu que os fondos europeos FEDER financiasen este tipo de actuacións.
- O Plan de sendas de Galicia (itinerarios peonís e ciclistas, seguros, sostibles e integrados na paisaxe, para protexer e incrementar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das nosas estradas) permitiu disposición dos usuarios máis vulnerables das estradas case 300 km de sendas peonís nos últimos anos, e a finais de 2024 aprobouse unha segunda fase deste plan, que prevé cando menos outros 150 km de sendas peonís e ciclistas nas contornas rurais das estradas autonómicas, pero tamén nas zonas urbanas e metropolitanas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- Temos tamén en marcha un Plan de reforzos de firme con carácter anual, na que levamos investindo unha media de 20M€/ anuais e que este ano chega ata os 28M€, o que nos permite manter en boas condicións as estradas autonómicas.

- Démoslle prioridade á mellora da seguridade e da accesibilidade dun milleiro de paradas de autobús en estradas autonómicas, que estamos levando a cabo cun investimento de arredor de 35 M€ e levamos adiante actuacións para de seguridade viaria nos Camiños de Santiago, na que investimos 19,39M€

As cifras de falecidos nas estradas galegas dos últimos anos, como sinala a pregunta, presentan una estabilización da que se estiveron a analizar as súas causas con todos os axentes implicados na seguridade viaria, tanto da administracións como da sociedade civil.

Nas reunións mantidas en setembro e outubro do pasado ano, ás causas coñecidas de distraccións, velocidade ou conductas non axeitadas como condución baixo os efectos de alcohol ou drogas, destacáronse dúas cuestións.

A primeira, a problemática dos avisos de controles, que está a provocar certa sensación de impunidade e que está a ter como consecuencia a volta dun certo tipo de accidentes vinculados ao ocio e con vítimas xoves que son especialmente tráfico. Nesta cuestión está a incidir especialmente a Agrupación de Tráfico da Guardia Civil.

A segunda, que en 2024 foron especialmente preocupantes os datos de sinistralidade por accidentes de motoristas. Por elo, a finais de 2024 a Xunta de Galicia licitou a organización de novos cursos de condución segura para motoristas, que ademais teñen unha importante compoñente de sensibilización para os asistentes.

Nos primeiros meses de 2025 semella que está habendo unha tendencia á redución dos falecidos nas estradas galegas. Non obstante, seguirase con atención a evolución, continuando coas medidas previstas no Plan de Seguridade Viaria e estudando novas medidas que se poidan levar a cabo no marco do novo Plan no que se comezará a traballar xa a finais deste ano 2025”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:35:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30143
Data envío: 31/07/2025 08:35:46,676

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17507**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as demandas do Concello de Fene en relación coa seguridade viaria na AC-115 ao seu paso por este concello"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada autonómica AC-115 ten unha lonxitude de 4,71 quilómetros, entre o seu inicio na N-561 en Fene e o seu final na AC-862 en Neda.

O tráfico que se rexistra nesta estrada é alto, de entre 7.506 e 8.934 vehículos ao día, ao tratarse dunha zona moi urbanizada e con conexións coa rede viaria de alta capacidade.

No concello de Fene, a estrada conta cunha senda ou beirarrúa, en función do tramo, continua ao longo da estrada. É na marxe esquerda na que non hai beirarrúa en varios treitos, polo que existe un espazo fóra da calzada principal para o tránsito peonil seguro.

A Xunta de Galicia está a traballar para mellorar a seguridade e funcionalidade desta estrada.

Proba delo é a obra licitada con data 18 de marzo, para a execución dunha mellora da intersección da AC-115 coa AC-862 mediante a implantación dunha glorieta. Tamén o proxecto de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús nas estradas autonómicas da zona sur da área de Ferrol, xa aprobado e de próxima licitación, que prevé a mellora de 16 paradas de autobús en Fene e de 32 paradas en Neda. Delas, 19 paradas son na AC-115, e para a definición das actuacións analizouse a accesibilidade ás paradas. Cómpre sinalar que o proxecto foi sometido a información pública, para que se recibisen as achegas que se considerasen necesarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:35:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30142
Data envío: 31/07/2025 08:35:39.254

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17563**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros deputados e deputadas, sobre **"a información aos grupos parlamentarios relativa á anunciada recuperación da concesión de catro autovías galegas e as previsións da Xunta de Galicia referidas á AG-55 e á AG-57, tanto na recuperación da concesión como na supresión das peaxes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á pregunta oral en pleno 17285 con contido coincidente respostada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas o pasado 9 de abril en sesión plenaria e cuxa ligazón se facilita:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/N2XOVYOxPFcXEa6khGPznYrvMciPejlrhNCK5cC2VsRqDDEh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 15:34:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29884
Data envío: 29/07/2025 15:34:13.020

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17664**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"as actuais dificultades de emancipación que ten a mocidade galega e as actuacións que prevé levar adiante o Goberno galego ao respecto, nomeadamente en materia de vivenda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á pregunta escrita 17666 xa respostada con idéntico contido e que se reproduce a continuación:

A Xunta de Galicia ten un compromiso firme coa mocidade no acceso á vivenda, con instrumentos que contribúan á súa emancipación real.

O obxectivo desta Lexislatura é duplicar o parque de vivenda pública ata alcanzar as 8.000 unidades. Dentro deste plan, polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro estarán reservadas para menores de 36 anos, así como un 25% das vivendas en venda.

Para facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro e compra, a Xunta asignou o 100% das axudas da convocatoria 2024-2025 do Plan de Vivenda, cun financiamento de 20 millóns de euros (10 millóns de fondos da comunidade). Ademais, está a xestionar con dilixencia o Bono Alugueiro Mozo. Antes de rematar o prazo xa está a comunicar as primeiras concesións.

A compra de vivenda tamén recibe apoio directo, con 3,8 millóns de euros en axudas para adquisicións por mozos en concellos pequenos, centros históricos ou vivendas de protección autonómica. Ademais, desde 2023, o programa de avais facilitou a concesión de 4 millóns de euros para que os mozos poidan acceder a unha hipoteca cubrindo o 20% do custo da vivenda. Na presente convocatoria preténdese chegar aos 5 millóns.

A Xunta tamén promove rebaixas fiscais para menores de 36 anos, reducindo os impostos sobre a compra de vivenda habitual ata un 0,5% en actos xurídicos documentados e baixando o imposto de transmisións patrimoniais do 8% ao 3%, e mesmo ao 0% en zonas pouco poboadas.

O Goberno galego está a crear de edificios de aloxamentos compartidos, comezando en Santiago de Compostela. Esta medida busca proporcionar un fogar temporal, cunha estancia máxima de tres anos, para facilitar o acceso dos mozos á vivenda.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A Xunta tamén aposta pola rehabilitación de inmobles a través do programa Rexurbe, adquirindo e restaurando edificios en centros históricos para ofrecer vivendas a prezos accesibles.

A colaboración cos concellos permitirá recibir terreos urbanos consolidados para a construción de vivenda pública en diferentes concellos. Ademais, estase a desenvolver solo para 25.000 novas vivendas nos próximos anos, con sete PIAS licitados e dous en tramitación.

Parte da solución para a mocidade debe pasar ineludiblemente por incrementar e mobilizar o actual parque de vivenda. Como está a facer a Xunta con estas e outras medidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 10:52:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 10:52:34
Nº Rexistro: 29903
Data envío: 30/07/2025 10:52:34.037

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17768**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para mellorar a seguridade viaria na AC115 ao seu paso polo Concello de Neda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á pregunta escrita 17770 xa respostada con idéntico contido e que se reproduce a continuación:

A estrada autonómica AC-115 ten unha lonxitude de 4,71 quilómetros, entre o seu inicio na N-561 en Fene e o seu final na AC-862 en Neda.

O tráfico que se rexistra nesta estrada é alto, de entre 7.506 e 8.934 vehículos ao día, ao tratarse dunha zona moi urbanizada e con conexións coa rede viaria de alta capacidade.

No concello de Fene, a estrada conta cunha senda ou beirarrúa, en función do tramo, continua ao longo da estrada. É na marxe esquerda na que non hai beirarrúa en varios treitos, polo que existe un espazo fóra da calzada principal para o tránsito peonil seguro.

A Xunta de Galicia está a traballar para mellorar a seguridade e funcionalidade desta estrada.

Proba delo é a obra licitada con data 18 de marzo, para a execución dunha mellora da intersección da AC-115 coa AC-862 mediante a implantación dunha glorieta. Tamén o proxecto de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús nas estradas autonómicas da zona sur da área de Ferrol, xa aprobado e de próxima licitación, que prevé a mellora de 16 paradas de autobús en Fene e de 32 paradas en Neda. Delas, 19 paradas son na AC-115, e para a definición das actuacións analizouse a accesibilidade ás paradas. Cómpre sinalar que o proxecto foi sometido a información pública, para que se recibisen as achegas que se considerasen necesarias".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 10:52:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 10:52:23
Nº Rexistro: 29901
Data envío: 30/07/2025 10:52:23.345

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17937**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o estado en que está a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística de movementos de terras na parroquia de Lubre, en Bergondo, que foron denunciados ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á pregunta escrita 17939 xa respostada con anterioridade e cuxo contido se reproduce a continuación:

En resposta á pregunta formulada e como se indicaba nas correspondentes iniciativas sobre o mesmo extremo nº7141 e 7142, cómpre informar da continuidade da tramitación do expediente da APLU de referencia COR/60/2021- RP1, no que se está a tramitar un procedemento de reposición da legalidade urbanística alterada, cuxo obxecto é o seguinte: "verquido de terras cun volumen de 11.719 m³ nunha parte da parcela catastral 75 do polígono 11 (referencia 15008A011000750000XI), ampliando unha plataforma existente nunha lonxitude de 20 metros, creando un talude de 4,52 m de altura, cunha lonxitude de talude entre pé e cabeza de 12,8 m e xerando un desnivel entre o pé do talude e a cabeza do mesmo nas plataformas das naves de 6 m, nunha zona que non coincide coas que se proxectou a regularización do terreo, definidas nos planos do proxecto ao que se lle outorgou unha licenza municipal, outorgada por acordo da Xunta do Goberno Local de Bergondo do 10/09/2020 e que se transmitiu á outra empresa con data 10/12/2020 (expediente municipal 2020/UC20-000004)".

Neste sentido, con data 01/03/2024, a empresa comunica á APLU que "finalizaron os traballos e labores segundo un proxecto técnico que pretende adecuar as actuacións á previa licenza municipal que tiñan outorgada".

Tras o estudo da documentación presentada, por informe do Servizo Técnico da APLU do 04/10/2024, conclúese que en orde a verificar se -como alegan os promotores- as actuacións executadas se adecúan á licenza municipal outorgada polo Concello de Bergondo, é necesario contar coa documentación técnica que permita establecer unha comparativa do estado inicial, proxectado con licenza e final dos terreos na parcela, que lle é solicitada aos promotores o día 04/10/2024 dándoselle un prazo de 15 días.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Así mesmo, o mesmo día solicitouse ao Concello de Bergondo a súa colaboración coa remisión do proxecto técnico completo que foi autorizado pola licenza do 10/09/2020 denominado "Mejora topográfica de un conjunto de parcelas para permitir su mecanizado y aprovechamiento. Proyecto de obra refundido", que conste no expediente municipal.

En resposta ao solicitado o 16/10/2024 o concello remitiu o documento denominado Parte II (PLANOS) do Proxecto denominado mellora topográfica de un conjunto de parcelas para permitir su mecanizado y aprovechamiento.

Examinada a dita documentación polo Servizo Técnico, e para os efectos de poder establecer a comparativa do estado inicial proxectado con licenza e o estado final dos terreos, o 8/11/2024 solicitouse ao Concello, a documentación completa do proxecto de obras refundido en base ao que foi outorgada a licenza para levar a cabo a mellora topográfica nas parcelas catastrais 15008A011000570000XG, 15008A011000750000XI e 15008A011000550000XB 15.

O 11/11/2024 o Concello de Bergondo remite a documentación solicitada.

O 4/12/2024, os promotores da actuación, en relación co requirimento de documentación cursado o 8/11/2024, solicitaron a ampliación de prazo de tres meses, ao requirir un novo levantamento topográfico e a súa correlación coa topografía orixinaria en formato xeoreferenciado.

Unha vez obtida esta documentación, realizarase unha visita de inspección urbanística para comprobación in situ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 10:52:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 10:52:05
Nº Rexistro: 29898
Data envío: 30/07/2025 10:52:05.082

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18022**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o estado en que están as avenidas Cambados (PO-549), Agustín Romero (PO-301) e Rosalía de Castro (PO-548), no concello de Vilagarcía de Arousa, e as actuacións que prevé levar adiante o Goberno galego para mellorar a súa seguridade viaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén un compromiso firme coa mellora e conservación das estradas de titularidade autonómica ao seu paso por Vilagarcía de Arousa.

Nos últimos anos executou beirarrúas en diferentes tramos da PO-301 por máis de medio millón de euros. Do mesmo xeito en 2023 rematou a actuación de senda e reparación de beirarrúas na PO-549 por un importe de 1,2 millóns de euros. Na PO-548, rematou en maio de 2023 unha actuación importante de reforzo de firme por case 1,5 millóns de euros.

A Xunta ten en execución a obra Mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192. A AXI está a promover un Itinerario alternativo seguro e segregado do tráfico rodado para os veciños que se desprazan hoxe a pé entre Bamio e Carril pola beiravía das estradas PO-548 e PO-192, sendo necesario ademais para acceder ao cemiterio de Carril cruzar a PO-548, sen que exista na actualidade ningún cruzamento seguro acondicionado para iso. Ademais, vai ampliar o seu ámbito para que conecte coas beirarrúas existentes de Carril.

As Avenidas de Cornazo e de Agustín Romero correspóndense coa zona de entrada a Vilagarcía da estrada autonómica PO-301, aproximadamente dende o punto quilométrico 5+210 ata o 6+690. En xeral a estrada conta con beirarrúas de maior o menor antigüidade, algo habitual nas zonas periurbanas das cidades e vilas galegas. Nos treitos onde non hai beirarrúas, nos últimos anos promovéronse actuacións para favorecer a mobilidade peonil segura:

- "Senda e reparación de beirarrúas na PO-549", executada entre 2022 e 2023 e que permitiu unir as beirarrúas existentes en Vilanova e Vilagarcía. No concello de Vilagarcía, a senda executouse na Avenida de Cambados. O importe da obra en PBL+IVE foi de 1.094.615,50 €.

- "Mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192", licitada o 15/03/24 e xa adxudicada. Resolve un problema de accesibilidade peonil na zona onde converxen a PO-548, PO-192 e a VG-4.7.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nos treitos con beirarrúas, executáronse nos últimos anos pequenas actuacións de mellora da seguridade peonil, a través de contratos menores de obra. E iso a pesares de que non é treito de concentración de accidentes nin treito de alto potencial de mellora, é dicir, non hai un problema de seguridade viaria que se teña reflexado nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.

Ademais este treito xa non é soporte da mobilidade interurbana, polo desenvolvemento da rede viaria de alta capacidade (VG-4.3, VG-4.7, variante da N-640, PO-529).

Ao respecto, o concello debería tomar a iniciativa elaborar un proxecto de mellora da mobilidade interurbana, sinalización e mellora da seguridade viaria nas marxes da PO-301 ao seu paso pola Av. Agustín Romero e a Av. de Cornazo e remitírllela á Xunta de Galicia para o seu estudo.

Así se acordou en recente xuntanza coa conselleira: O Concello estudará que quere facer, ver a magnitude para nunha posible actuación conxunta.

No caso da Avenida Rosalía de Castro (PO-548), certo é que os veciños levan tempo pedindo que se limite o paso de vehículos pesados, algo moi complicado porque é o acceso principal ao porto e estes vehículos terían que dar un rodeo importante”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 9:00:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30163
Data envío: 31/07/2025 09:00:57,557

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18960**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o nivel de execución acadado no terceiro trimestre de 2024 do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda, e a valoración que fai a Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de vivenda e Planificación de Infraestruturas en resposta á interpelación en Pleno número 20084 e da Pregunta Oral en Pleno 18961, de similar contido e formuladas polo mesmo grupo parlamentario, que foron incluídas na orde do día dos Plenos celebrados o 11 de marzo de 2025 e o 25 de febreiro de 2025, respectivamente, ás que nos remitimos.

As respostas completas da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas poden verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZmRiMDc0MmEtMTg2MS00ODNkLWFlODItNzVlMzlyMzIxYTVk&start=13415](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmRiMDc0MmEtMTg2MS00ODNkLWFlODItNzVlMzlyMzIxYTVk&start=13415)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=YWViMmFhNWItODEwNy00ZWYyLThkNWEtOGIwZjA5OTBlODU5](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWViMmFhNWItODEwNy00ZWYyLThkNWEtOGIwZjA5OTBlODU5)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
31/07/2025 10:37:34

102800



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 10:37:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 10:37:37
Nº Rexistro: 30180
Data envío: 31/07/2025 10:37:37,307

CSV: BOPGDSPG-X9GkkmQ8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

